<p>A MVT recolle unha descrición do Plan de Estudos axeitada e coherente coa denominación proposta. Asimesmo, apórtase información suficiente e precisa sobre os efectos académicos do Título e sobre outros datos que facilitan o coñecemento das súas características básicas así como dos procesos de matriculación e de expedición do suplemento europeo ao Título.</p> <p>No curso 2011-2012 podedeuse ao deseño e tramitación do Curso Ponte para diplomados en traballo social, para iniciar a súa docencia no curso 2012-2013 culminando así o proceso de impantación do grao. Optouse pola configuración dun grupo específico para este colectivo, dadas as especiais circunstancias e as limitacións por tratarse na maioría dos casos, de persoas en exercicio profesional. Tamén se incluiu o proceso de acceso para maiores de 40 anos polo que se tivo que proceder a realizar unha modificación da memoria do grao.</p> <p>O plan de estudos está desenvolvéndose de acordo co inicialmente planificado na memoria de verificación, cunha taxa de rendemento do título no curso 2011-2012 de 87%, segundo datos da USC.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
<p>-Guía Académica, que se edita cada curso, con información da titulación, horarios, datas de exames, normativa vixente para os estudos de grao tanto da USC como propia da EUTS, regulamentos do practicum e TFG, axenda do curso, e outras información de interese para o alumnado. Dita guía entrégase gratuitamente en formato papel a todo o alumnado no momento de achegarr a documentación de inscrición na EUTS. É de acceso público a través da páxina web propia da Escola (www.euts.es).</p> <p>-Folleto informativo propio do Centro sobre a titulación</p> <p>-Díptico informativo para cada curso académico</p>							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
-Actualizar e mellorar no posible a documentación descrita no apartado anterior							
BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

XUSTIFICACIÓN							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>En canto á xustificación da memoria de verificación, as evidencias existentes poñen de manifesto o interese e relevancia académica e científica do Título no apartado 2 da MVT</p> <p>No curso 2011-2012 non está finalizada a implantación do título, proceso que culmina no curso 12-13. Estase a definir os distintos modos de participación dos grupos de interese así como a súa aportación na elaboración do plan estratéxico do centro.</p> <p>A complexidade da posta en marcha do grao en convivencia coa anterior titulación, o proceso de modificación da memoria e a súa posterior verificación pola inclusión do Curso Ponte para diplomados ao mesmo tempo que se continúa impartindo a antiga titulación, dificultou a creación do Comité Consultivo do Centro.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
Non procede							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
-Continuar cos traballos para a elaboración da Planificación estratéxica do centro.							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

COMPETENCIAS/OBXECTIVOS							
<i>Valorase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A MVT recolle no apartado 3, as competencias xerais e específicas referidas a Traballo Social, de acordo ao establecido no Real Decreto 1393/2007 de 29 de outubro)</p> <p>No curso 2011-2012 non se alteraron nin as competencias nin os obxectivos propostos. En dito curso graduouse a primeira promoción do grao en traballo social que é de procedencia mixta pois este alumnado cursou ata 2º curso da diplomatura, realizou un curso de transición ao grao deseñado especificamente para eles, e cursou o 4º curso do grao, polo que non existe experiencia suficiente de titulación como para poder determinar si as competencias e obxectivos se axústan ao previsto.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
<ul style="list-style-type: none"> -Enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia -Participación nas Comisións de Centro nas que están representados cada un dos grupos de interese -Disponse dos procesos PM-01 de medición, análise e mellora, PM-03 Medición da satisfacción dos grupos de interese e o procedemento P01-PM-03 medición da satisfacción do estudiantado coa docencia. 							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
-Polas razóns aducidas anteriormente non se fan propostas de mellora							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES							
Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>O centro non ten competencias neste criterio, non obstante realiza unha serie de xestións para facilitarlle ao alumnado o seu proceso de acceso á Universidade.</p> <p>O proceso de admisión de estudantes, está realizado pola CIUG. A USC, a través da súa páxina web, proporciona unha información que consideramos insuficiente e confusa. Dadas as queixas do alumnado pola complicación para ver a información, a Escola, desde a páxina web propia www.euts.es, facilita a información de xeito claro, específico e concreto. Preséntanse os horarios de clase estruturados por curso e grupo interactivo incluíndose tanto as clases expositivas como as clases interactivas. Entrégase unha guía académica gratuita a cada alumno e se resollen as dúbidas que o alumnado presenta tanto a nivel presencial no negociado como por correo electrónico ou teléfono, chegando incluso a atender e resolver dúbidas de alumnado de novo ingreso que non é alumnado deste Centro e consultas en relación ao proceso de matrícula na propia USC, proceso ao que a Escola é completamente alleo.</p> <p>Particípase en xornadas de información ao alumnado ao marxe das organizadas pola USC, por invitación de outros centros e institucións.</p> <p>Botase en falta a presentación que antes se facía desde a USC dos distintos servizos da Universidade, ao alumnado de novo ingreso</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>-Entrega da Guía Académica, que se edita cada curso, con información da titulación, horarios, datas de exames, normativa vixente para os estudos de grao tanto da USC como propia da EUTS, regulamentos do practicum e TFG, axenda, e outras información de interese para o alumnado. Dita guía entrégase gratuitamente en formato papel a todo o alumnado no momento de entregar a súa documentación na EUTS. É de acceso público a través da páxina web propia da Escola (www.euts.es).</p> <p>-Información e asesoramento presencial, telemático e telefónico ao estudantado durante o proceso e posteriormente, por parte do negociado da EUTS</p> <p>-Participación en Charlas, Xornadas, Seminarios etc. informativos organizados polos centros de ensino secundario e outras institucións</p> <p>-Na porta de cada Aula, cartel cos horarios de clase nese Aula concreta</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Non procede</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

PLANIFICACIÓN DAS ENSinANZAS

Valorase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Existen evidencias documentais en relación á planificación das ensinanzas tanto na MVT (apartado 5) como no SGIC (capítulo 7, MC07)

O curso 2011-2012 foi o último curso con docencia na diplomatura ofertándose 3º curso e realizando as titorías correspondentes nos outros doos cursos da titulación en extinción (1º e 2º). Por outra parte, na titulación de grao houbo docencia nos cursos 1º, 2º, Curso de Transición para o alumnado procedente da diplomatura, e 4º curso.

A configuración de horarios realizouse concentrando unha parte importante da docencia expositiva no primeiro mes de cada cuadrimestre facilitando así dispoñer dunha base teórica previa ao inicio da interactividade.

Nas distintas reunións de coordinación constatouse a necesidade de revisar os criterios de asignación de traballos e a carga conseguinte para o alumnado, evitando unha concentración masiva en períodos determinados.

Editouse o *Manual do Practicum e Traballo de Fin de Grao* (TFG). Ao finalizar o curso 11-12, o alumnado que cursou Practicum e TFG elaborou un documento con ideas e aportacións orientadas a mellorar e completar os procedementos incluídos no Manual. Ditas ideas foron recollidas e plasmadas na edición do curso seguinte.

Completouse o deseño do Curso Ponte de adaptación ao grao e se realizou a modificación da MVT correspondente así como a súa verificación.

Púsoxe en marcha un protocolo centralizado para a xestión das faltas de asistencia do alumnado para garantir o cumprimento da Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal. Este protocolo comezou a aplicarse no curso 2011-2012.

Actualización e sinatura de novos convenios de prácticas para adaptalos á normativa vixente. En total asináronse 74 convenios novos e/ou adaptados desde un anterior. Dentro dos convenios propios da USC, procedeuse á extensión de 2 convenios ao alumnado da EUTS.

Continuouse co proceso de catalogación informática dos fondos da biblioteca propia e se incorporou un enlace desde a páxina web da Escola

BOAS PRÁCTICAS:

-A posta en marcha dun curso especificamente deseñado para a transición da diplomatura ao Grao. En concreto, unha vez superado segundo da diplomatura e realizado este Curso de Transición, o alumnado accedía a 4º de Grao.

-Elaboración dun manual que se entrega a cada docente que se vai incorporando ao Grao, con información sobre a nova titulación (presentación, obxectivos, competencias, plan de estudos, criterios xerais de avaliación), fichas das materias específicas que imparte cada docente, horarios, calendario de exames, calendario de implantación, normas de permanencia, nombramentos producidos no centro e composición das comisións da EUTS.

-Reunións de coordinación do título e cursos, nas que se valoran diferentes aspectos sobre o desenvolvemento do Grao e os programas das materias

-Elaboración do Manual do Practicum e TFG

PROPOSTAS DE MELLORA:

-Actualización Manuais

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

RECURSOS HUMANOS							
<p>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A valoración que facemos deste criterio ten que ver coa dificultade das Escola Universitarias para adaptarse ás esixencias en canto ao número de doutores/as e acreditacións dos/as mesmas.</p> <p>Neste senso, estase a facer un esforzo importante tanto desde a institución como persoalmene os/as profesores/as, que no curso 11-12 deu como froito a acreditación pola ACSUG de dúas profesoras para a figura de contratado/a doutor/a.</p> <p>Estas dificultades víronse incrementadas nestos últimos cursos pola duplicidade na titulación (convivencia diplomatura/grao) e a carga docente que esto supuxo.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>-Facilitar a reorganización dos horarios do profesorado en fase de elaboración da tese doutoral.</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS							
<p>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Durante o curso 2011-2013 producíronse unha serie de melloras nos recursos materiais do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Renovación do equipamento da Aula de Informática. - Adquisición de portátiles e canóns para as Aulas. - Mellora da rede Wifi do Centro. - Modificación e mellora da páxina web propia www.euts.es para dar unha mellor accesibilidade ao portal do estudante. - O Centro dotouse dunha silla salvaescalóns. - Contratouse o servizo de asesoría externa para o mantemento do sistema de protección de datos de carácter persoal da EUTS e se comenzou a súa aplicación. - Impartiuse un curso ao persoal da EUTS sobre a lei de protección de datos de carácter persoal así como sobre o funcionamento do sistema aplicado á EUTS. - Continuouse coa catalogación informática dos fondos da biblioteca propia. - Instalouse unha pantalla informativa que se actualiza continuamente con avisos, prazos, ..informacións de interese para o alumnado. <p>En xeral, estase a facer un esforzo importante para mellorar a dotación nas TIC's. A ubicación da titulación nun edificio do casco histórico engade dificultades neste senso (acceso a redes, modificación de estruturas...)</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>-Renovación de parte do mobiliario das Aulas.</p> <p>-Instalación dunha pantalla grande, para facilitar a docencia, na Aula de Informática.</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

RESULTADOS PREVISTOS							
<p>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Tal e como recolle a MVT, o número de prazas de novo ingreso para o curso 11-12 foi de 90 alumnos/as. O número total de alumnado do centro na titulación de grao durante este curso foi de 357 alumnos distribuídos no catro cursos ofertados. Segundo as taxas publicadas pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC o número de alumnado de novo ingreso na EUTS no curso 11-12 foi de 89 alumnos e no curso anterior 94.</p> <p>A porcentaxe de alumnado que accede ao título con puntuación maior ou igual a 6 é de un 71,9% fronte a un 64,9% do curso anterior, e o alumnado con puntuación menor a 6 é de un 28,1% en 2011 fronte a un 34,0% do curso anterior.</p> <p>A porcentaxe de estudantes matriculados preinscritos sobre as prazas ofertadas é de un 92,2% fronte ao 81,1% do curso anterior</p> <p>Segundo datos da USC, as taxas da EUTS son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -<u>Taxa de rendemento do título</u>: 87,0% (non contempla a avaliación do rendemento académico de algunhas materias, como pode ser o TFG, que se poden avaliar en setembro). Dita taxa está por riba da media da USC e moi preto da ideal marcada na MVT -<u>Taxa de éxito do título</u>: 92,9%, igual que na anterior, o resultado final desta taxa pode variar pola avaliación de algunhas materias no mes de setembro -<u>Taxa de avaliación do título</u>: 93,6% (igual anteriores taxas, pode variar a maior) <p>As taxas de eficiencia dos graduados no título así como a taxa de abandonos no se poden calcular pola recente implantación dos estudos.</p> <p>En relación a taxa de satisfacción do alumnado coa docencia, a puntuación recibida pola EUTS no curso 2011-2012, dunha puntuación de 1 a 5 foi de 3,69. Isto supón un descenso respecto do curso anterior (descenso xeneralizado para todas as titulacións da USC). Descoñecemos a base de cálculo da media (nº alumnos/as que respostaron á enquisa), pero intuimos que o cambio de modalidade do pase da enquisa (antes presencial) ten afectado aos resultados, que se cubren menos enquisas e os resultados están máis polarizados</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Non procede</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Mellorar a taxa de satisfacción do alumnado coa docencia e fomentar a participación do alumnado cubrindo as enquisas a través da web da USC.</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE						
<i>Valorase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>Durante o curso 2011-2012 procédese á implantación do SGIC e se comenza a preparar a planificación estratéxica, Comité Consultivo, etc.</p> <p>Gustaríanos destacar a dificultade que supón a implantación e desenvolvemento do SGIC pola complexidade dos procedementos e evidencias que xeneran.</p>						
BOAS PRÁCTICAS:						
Non procede						
PROPOSTAS DE MELLORA:						
Continuar coa planificación estratéxica e constituir o Comité Consultivo do Centro						
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS			XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN						
<i>Valorase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>A implantación do grao estase a facer conforme ao calendario previsto. Neste ano académico, sae a primeira promoción de grao co alumnado procedente da diplomatura e se completa o proceso de preparación para o inicio do Curso Ponte para o ano 2012-2013 tal e como estaba previsto na MVT.</p> <p>De todo este proceso mantense información pública na páxina web propia.</p>						
BOAS PRÁCTICAS:						
Non procede						
PROPOSTAS DE MELLORA:						
Non procede						
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS			XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>No informe final de verificación da ANECA con nº expe 3238/2010, no apartado de recomendacións só se fai mención ao criterio 6 (persoal académico) sinalándose: "Será de especial seguimento durante a implementación do título a efectiva posta en marcha do plan de apoio ao profesorado co obxectivo de ir aumentando a porcentaxe de doutores e dar cumprimento á LOU"</p>	<p>1.-Flexibilización do Horario de traballo ao longo do curso 2010-2011 do profesorado con adicación a tempo completo no centro en fase de realización da tese doutoral, e concentración da docencia para a realización e redacción das teses e que así o solicitaran ante a Dirección da EUTS.</p> <p>2- Dúas profesoras da EUTS (unha a tempo completo e outra a tempo parcial) defenderon a súa tese doutoral no curso 2010-2011. O resto de persoal con adicación a tempo completo están en fase de elaboración da tese doutoral.</p>
<p>No informe final de avaliación da modificación do plano de estudos con nº expediente 3238/2010 – ID MEC 2502230 establécense como recomendacións:</p> <p>"Criterio 4: Acceso e admisión: Se recomenda informar explícitamente sobre el procedimiento utilizado por la USC para realizar el reconocimiento de créditos en el curso de adaptación. Asimismo, se recomienda hacer explícito el órgano de admisión de estudiantes, su composición y los criterios de valoración de los méritos"</p> <p>"Criterio 6: Recursos Humanos: Se aclara en el apartado 4.5 (curso de adaptación para titulados) que el plan de nuevas contrataciones docentes previsto en la memoria de verificación ha sido sustituido por un incremento en el régimen de dedicación de algunos de los profesores de la titulación (en uno de los casos ya se ha hecho efectivo este cambio de dedicación durante el curso 2011-2012). No obstante, no se cuantifica el incremento ni se informa sobre la dedicación horario prevista"</p>	<p>1.-Criterio 4: Acceso e admisión</p> <p>O proceso de acceso e admisión para o alumnado do Curso de Adaptación é realizado pola USC. Ao ter un número limitado de prazas, os interesados teñen que facer unha solicitude de admisión (no mes de xullo). O proceso de selección, faise en función da nota media do expediente académico e se convoca a matrícula ata completar prazas. Dito proceso o realiza integramente a Universidade de Santiago a través da Secretaría Virtual.</p> <p>En relación ao recoñecemento de créditos, o plano de estudos do Grao en Traballo Social especifica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A experiencia profesional poderá ser obxecto de recoñecemento. Os diplomados aos que se oferta o curso de adaptación ou Curso Ponte ao Grao, poderán ver recoñecidos ata 18 créditos ECTS por experiencia profesional relacionada coas competencias inherentes ao título. • Os traballadores social que teñan titorizado alumnado en prácticas da EUTS de Santiago do Plan da Diplomatura que se extingue ou do actual título de Grao en Traballo Social, poderán solicitar o recoñecemento de dita actividades ata un máximo de 18 créditos.

	<ul style="list-style-type: none"> • O recoñecemento de créditos axustarase ao establecido polo Ministerio de Educación, quedando o Traballo de Fin de Grao e a materia Xestión de Organizacións, fora de calquer tipo de convalidación ou recoñecemento <p>O alumnado do Curso Ponte, solicita o recoñecemento na UXA Norte, quen o remite ao Centro. Na EUTS o órgano encargado de resolver ditas solicitudes é a Comisión de Título.</p> <p>A Escola, na súa web, ten aberto un espazo de información específico para o Curso Ponte.</p> <p>2.- Criterio 6: Recursos Humanos</p> <p>A implantación do Grao, incluso coa progresiva diminución da docencia na diplomatura, produce un incremento das horas de docencia do profesorado. O incremento do número de créditos ofertados no grao en relación ao curso anterior supón un aumento na docencia do profesorado con adicación exclusiva e/ou plena dun 22,58%.</p>
--	---

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)